

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT01	Xestión de aloxamentos turísticos	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0171	Estrutura do mercado turístico	2018/2019	4	133	133

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA GEMMA MORENO GONZÁLEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo Estrutura do mercado Turístico, pertencente ao Ciclo Superior de Xestión de Aloxamentos Turísticos tomado como referencia o Decreto 55/2010, do 18 de marzo, polo que se establece o título de Técnico Superior en Xestión de Aloxamentos Turístico e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro.

Baseándonos para esta adecuación, ademais no perfil profesional do título, Competencia xeral e Competencias profesionais, persoais e sociais e que se concretan no Decreto do Currículo como segue:

Perfil profesional do título:

O perfil profesional do título de técnico superior en xestión de aloxamentos turísticos determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Competencia xeral:

A competencia xeral deste título consiste en organizar e controlar establecementos de aloxamento turístico, aplicando as políticas empresariais establecidas, controlando obxectivos dos departamentos, accións comerciais e os resultados económicos do establecemento, prestando o servizo na área de aloxamento e asegurando a satisfacción da clientela.

A formación do módulo contribúe a alcanzar o obxectivo xeral c. do ciclo formativo, e as competencias b e c do título.

Obxectivo xeral : Analizar o sector turístico identificando os tipos de establecementos, os destinos turísticos e as tendencias da demanda, para detectar oportunidades de negocio.

As competencias profesionais, persoais e sociais:

Detectar oportunidades de negocio e novos mercados, e aplicar métodos innovadores, analizando as alternativas de investimento e financiamento ligadas a eles.

Analizar o mercado e comercializar o produto base propio do aloxamento, así como os servizos e os produtos complementarios, xestionando as reservas con criterios de eficiencia empresarial

Isto nos permitirá traballar de cara a conseguir o rol do posto de traballo propio de este ciclo formativo que se traducirá en actividades específicas con resultados concretos, na adaptación en función das variacións que se dan na práctica do traballo e nos procesos productivos, actuar correctamente ante anomalías, dirixir o conxunto do traballo e acadar os obxectivos da organización, así como establecer prioridades e actuar en coordinación con outros departamentos.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Introducción ao mundo do turismo.	Acercamento ao mundo do turismo; conceptos básicos, a súa evolución, a quen corresponde a capacidade de legislar e controlar a actividade e insistindo no seu carácter multidisciplinar e a necesidade de desenvolver un turismo sostible.	18	14
2	O turismo como actividade económica.	O papel que desempeña o turismo na economía, o mercado turístico e os seus compoñentes, as fontes de información turística e os principais perfís turísticos desde sector.	19	14
3	As tipoloxías turísticas.	Identificación das principais tipoloxías turísticas, os seus rasgos característicos e a localización dos principais destinos segundo a súa tipoloxía.	27	20
4	A oferta turística.	A oferta turística e os seus compoñentes, tendencias de cada un dos subsectores da oferta e a normativa que a regula.	42	32
5	A demanda turística.	A demanda turística e os seus compoñentes, factores que a condicionan e a súa estrutura.	27	20

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introducción ao mundo do turismo.	18

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o sector turístico, a súa evolución histórica e a súa situación actual, e analiza as súas implicacións como actividade socioeconómica.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse os elementos básicos que caracterizan o sector turístico.
CA1.2 Analizouse a evolución do turismo.
CA1.3 Identificáronse e caracterizáronse as institucións públicas e privadas relacionadas co sector turístico.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos do turismo: turismo, turista, visitante, excursionista, etc.
Evolución do turismo.
Principais eventos locais, autonómicos, estatais e internacionais en materia de turismo.
Entidades públicas e privadas de ámbito local, autonómico, estatal e internacional relacionadas co sector turístico.



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O turismo como actividade económica.	19

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o sector turístico, a súa evolución histórica e a súa situación actual, e analiza as súas implicacións como actividade socioeconómica.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Valorouse a importancia da actividade turística respecto ao desenvolvemento económico e social do núcleo turístico.
CA1.5 Identificáronse os encontros estatais e internacionais en materia de turismo, e a súa importancia para o sector.
CA1.6 Recoñeceuse o uso das novas tecnoloxías no sector turístico e o seu impacto como elemento dinamizador.
CA1.7 Valorouse a importancia da profesionalidade no contorno da profesión turística.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Valoración da actividade turística no desenvolvemento dun núcleo de poboación.
Valoración das novas tecnoloxías como fontes de información e promoción turística.
Valoración da persoa profesional do turismo no ámbito da súa profesión.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	As tipoloxías turísticas.	27

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica as tipoloxías turísticas en relación coa demanda e a súa previsible evolución.	SI

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Definíronse as tipoloxías turísticas en relación coas súas características básicas.
CA2.2 Localizáronse as tipoloxías turísticas pola súa distribución xeográfica.
CA2.3 Relaciónáronse os factores que inflúen na localización espacial segundo o tipo de turismo da zona.
CA2.4 Analizáronse as tendencias das tipoloxías turísticas estatais.
CA2.5 Analizáronse as tendencias das tipoloxías turísticas internacionais.
CA2.6 Descríbironse as vantaxes e os inconvenientes do desenvolvemento turístico dunha zona.
CA2.7 Valoráronse os factores que inflúen na demanda, a incidencia que se pode ter sobre eles e a súa distribución.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Modalidades do turismo.
Tipoloxías turísticas (sol e praia, cultural, deportivo, rural, de grandes eventos, etc.), e as súas características (factores que inflúen na súa localización espacial).
Localización xeográfica das principais tipoloxías turísticas.
Tendencias das tipoloxías turísticas estatais e internacionais.
Impactos económicos, sociais, culturais e ambientais do turismo a nivel local, autonómico, estatal e internacional.
Factores que interveñen na demanda e incidencia que se pode exercer sobre eles.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A oferta turística.	42

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza a oferta turística e caracteriza os seus principais compoñentes, así como as canles de intermediación e de distribución.	SI

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícase o mercado turístico e as súas características.
CA3.2 Defínense a oferta turística xunto cos seus elementos e a súa estrutura básica.
CA3.3 Caracterízanse as canles de intermediación turística, así como os novos sistemas de distribución.
CA3.4 Diferenciáronse as empresas de aloxamentos turísticos segundo a súa tipoloxía e as súas características básicas.
CA3.5 Identifícanse os medios de transporte de carácter turístico e os servizos ligados a eles.
CA3.6 Caracterízase a oferta complementaria.
CA3.7 Descríbense as peculiaridades do núcleo turístico.
CA3.8 Valórase a importancia do turismo na economía do núcleo turístico.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
O mercado turístico e as súas características.
Oferta turística: elementos e estruturas.
Intermediación turística. Canles de distribución.
Empresas de aloxamentos turísticos.
Medios de transporte turísticos.
Oferta complementaria. Empresas de restauración turística. Servizos diversos.
Núcleo turístico: características. Recursos turísticos.
Importancia económica do turismo para o núcleo turístico.
A oferta turística en Galicia.



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A demanda turística.	27

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Caracteriza a demanda turística en relación cos factores e os elementos que a motivan, así como as súas tendencias actuais.	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Conceptualizáronse e determináronse os factores da demanda turística.
CA4.2 Clasificouse a clientela pola súa tipoloxía e a súa nacionalidade.
CA4.3 Descríbironse os elementos externos que inflúen na elasticidade da demanda.
CA4.4 Caracterizáronse as principais motivacións da demanda turística.
CA4.5 Analizouse a metodoloxía de compra segundo o tipo de clientela.
CA4.6 Caracterizouse a estacionalización da demanda e as técnicas de desestacionalización.
CA4.7 Investigáronse as tendencias actuais da demanda, así como os mercados emerxentes.
CA4.8 Valorouse a importancia de coñecer a clientela como elemento dinamizador da demanda turística.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Demanda turística: definición e caracterización.
Factores que interveñen na súa determinación.
Elementos externos que inflúen na elasticidade da demanda turística
Clientela: tipoloxía, características e comportamentos de compra.
Motivacións da demanda turística.
Estacionalidade da demanda. Accións de desestacionalización.
Tendencias actuais da demanda turística.
Valoración da importancia de coñecer a clientela como elemento dinamizador da demanda.





## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación significativa nas actividades a desenvolver.

O conxunto de mínimos exigibles son os criterios de avaliación expresados en cada unidade didáctica como mínimos e, para acadar a avaliación positiva, o alumnado terá que obter, na súa avaliación, a lo menos, o 50% da valoración máxima outorgada a dito criterio.

Estes mínimos serán a referencia para configurar as probas de recuperación das partes non superadas, así como as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua e guiarán o procedemento de avaliación ordinaria do módulo.

Os mínimos esixibles para cada unidade didáctica veñen especificados nas mesmas e son os seguintes:

- Definíronse os elementos básicos que caracterizan o sector turístico.
- Analizouse a evolución do turismo.
- Identificáronse e caracterizáronse as institucións públicas e privadas relacionadas co sector turístico.
- Valorouse a importancia da actividade turística respecto ao desenvolvemento económico e social do núcleo turístico.
- Recoñeceuse o uso das novas tecnoloxías no sector turístico e o seu impacto como elemento dinamizador.
- Valorouse a importancia da profesionalidade no contorno da profesión turística.
- Definíronse as tipoloxías turísticas en relación coas súas características básicas.
- Localizáronse as tipoloxías turísticas pola súa distribución xeográfica.
- Analizáronse as tendencias das tipoloxías turísticas estatais.
- Analizáronse as tendencias das tipoloxías turísticas internacionais.
- Identificouse o mercado turístico e as súas características.
- Definiuse a oferta turística xunto cos seus elementos e a súa estrutura básica.
- Caracterizáronse as canles de intermediación turística, así como os novos sistemas de distribución.
- Identificáronse os medios de transporte de carácter turístico e os servizos ligados a eles.



- Caracterizouse a oferta complementaria.
- Describíronse as peculiaridades do núcleo turístico.
- Conceptualizáronse e determináronse os factores da demanda turística.
- Caracterizáronse as principais motivacións da demanda turística.
- Investigáronse as tendencias actuais da demanda, así como os mercados emerxentes.
- Valorouse a importancia de coñecer a clientela como elemento dinamizador da demanda turística.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a superación das avaliacións parciais os alumnos e alumnas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos, en cada unha das avaliacións levadas a cabo ao longo do curso.

Os criterios de cualificación para as avaliacións parciais serán os seguintes:

- Proba presencial ao final de cada unha das unidades didácticas: ata 10 puntos, será necesario obter mínimo un 5. A proba escrita ponderará un 80%
- Probas prácticas de cada unha das avaliacións; As probas prácticas ( realización de diferentes tarefas grupales e individuais nas dúas avalacions, de carácter obligatorio e cos criterios de avaliación detallados nos mesmos.) ponderarán un 10%.
- Casos, supostos, exercicios, actividades, traballos, informes.. realizados durante el desarrollo de cada una de las UD, ponderarán un 10%

A nota final do módulo será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das avaliacións parciais, para o redondeo e según o acordado en reunións do ciclo utilizarei de referencia o 7 como decimal para aproximar a seguinte unidade. No obstante, a cualificación final do módulo coincidirá coa obtida na última avaliación parcial, avaliación parcial previa á realización da FCT, segundo os artigos 31, 32 e 33 da Orde do 12 de xullo de 2011.

No caso dos alumnos e alumnas que non superen algunha das probas parciais; a puntuación máxima que poderá asignarse na última avaliación parcial será de catro puntos.

#### PROBAS DE AVALIACIÓN FINAL

Ao finalizar o desenvolvemento do módulo, realizarase unha proba presencial final de carácter global.

Esta proba terán que realizala:

Os alumnos e alumnas que non se presentaron a algunha das probas de avaliación presencial parcial, deberán presentarse ás partes non presentadas, a non realización ou superación da tarefa práctica asociada a calquera parte.

Os alumnos e alumnas que non superen algunha das probas de avaliación presencial parcial, deberán presentarse ás partes non superadas.



Os alumnos e alumnas que non superasen o módulo mediante as probas de avaliación presencial parcial.

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e de traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

Realizaremos (para os contidos conceptuais fundamentalmente) probas escritas e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser de diverso tipo: test, preguntas breves, casos prácticos..., e todos aqueles aspectos conceptuais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. No caso de ter varias probas (xeralmente unha por cada unidade didáctica), a nota será a media aritmética das notas obtidas a que nos dará a cualificación final neste apartado. En todo caso a cualificación total, deberá ser igual ou superior a 5 . A parte teórica ponderará un 80% e a parte práctica un 10% (realización de tarefas individuais e grupais ) nos que se avaliarán fundamentalmente os contidos procedementais, sendo o restante 10% para o traballo diario de aula (traballos, supostos e casos prácticos, ademais do interese, actitude, participación...calificacións que serán de mala,0-4; regular, 5-7;e boa,7-10).

Tanto nas tarefas como o traballo diario as cualificación obtidas atenderán a:

1. Capacidade dedutiva e de análise
3. Razoamento crítico
4. Rigor formal no documento (incluíndo citas, estrutura, expresión escrita, etc.). Especialmente nas tarefas.
5. Capacidade de busca e xestión da información

Para ter en conta as puntuacións acadadas nas tarefas e na participación nos foros é necesario obter como mínimo un 5 nas probas presenciais.

A nota final do módulo será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das probas parciais. No obstante, a cualificación final do módulo coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial, segundo o artigo 34 da Orde do 12 de xullo de 2011.

No caso dos alumnos e alumnas que non superen algunha das probas parciais a puntuación máxima que poderá asignarse na terceira avaliación parcial será de catro puntos.

#### PROBAS DE AVALIACIÓN FINAL

Ao finalizar o desenvolvemento do módulo, realizarase unha proba presencial final de carácter global.

Esta proba terán que realizala:

- Os alumnos e alumnas que non se presentaron a algunha das probas de avaliación presencial parcial, deberán presentarse ás partes non presentadas.
- Os alumnos e alumnas que non superen algunha das probas de avaliación presencial parcial, deberán presentarse ás partes non superadas.
- Os alumnos e alumnas que non superasen o módulo mediante as probas de avaliación presencial parcial que se realizaron ao longo do curso.



## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao tratarse dun módulo do CS Xestión de Aloxamentos turísticos ás actividades de recuperación deberán presentarse todo o alumnado que non se presentou as probas parciais ou que non superou algunha delas. Haberá posibilidade de recuperar a materia pendente nas avaliacións previas á final. Necesario obter nas probas mínimo un 5.

Poderán recuperar a materia pendente en cada avaliación no período contemplado para a realización das probas correspondentes. No suposto de que se pase de curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seránlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

En ambos casos realizarase un informe de avaliación individualizado. (MD.75.AVA.01 do procedemento de Avaliación PR.75.AVA.01)

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Terase en conta o establecido na RESOLUCIÓN do 3 de agosto de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2017/2018:

Cuarto. Perda do dereito á avaliación continua

3. O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde o 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na dita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente.

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

Unha proba, inspirada no 100 % dos resultados de aprendizaxe do módulo e servirán asemade como referencia as actividades realizadas durante o desenvolvemento da formación do módulo. Esta proba terá dúas partes : contidos teóricos e supostos prácticos.

O alumnado deberá ser apto, obter como mínimo un 5, en cada unha das partes.

Non existe a posibilidade de gardar unha parte aprobada se fose o caso.

Perda do dereito a avaliación continua :

a. Para a perda de avaliación continua teranse en conta tanto as faltas xustificadas como as non xustificadas. Ao alumnado de Ciclos Formativos de grado medio e superior, aplicaráselles o disposto no apartado 3 do artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanza de formación profesional inicial: O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de



determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas.

Atendendo as circunstancias anteriormente mencionadas, e para acadar un criterio claro e homoxéneo á hora de proceder, establecece para todos os módulos un máximo dun 10 % para faltas sen xustificación, ampliando dita porcentaxe un máximo dun 5% con xustificación. En todo caso un alumno ou alumna para cada módulo que curse non poderá ter máis do 10% de faltas sen xustificar e un 5% xustificadas, podendo chegar cos dous conceptos ata o 15% no curso académico.

b. A comunicación por escrito da situación de perda de avaliación continua levarase a cabo polo titor/a, unha vez superados os límites indicados no punto anterior.

c. Será obrigatorio apercibilo previamente (unha vez acadado o 6% das faltas de asistencia) tal e como se contempla na normativa vixente.

d. Estes alumnos ou alumnas non perden en ningún momento o seu dereito de asistencia a clase, aínda que o profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, ao resto do grupo ou as instalacións.

e. O alumnado que perde o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación, previa á avaliación final de módulos correspondente.

Apercibimento superada a perda do 6% da duración do módulo ..... 8 faltas de asistencia.

Perda do dereito á avaliación continua, superado o 15% da duración do módulo..... 14 faltas de asistencia (sen xustificar).

6 faltas de asistencia (xustificadas)

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizarase o modelo do procedemento de Programación establecido utilizando a plataforma habilitada a tal efecto.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado.



## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Non se contemplan.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Os contidos transversais non figuran nomeados de forma explícita na regulamentación do currículo do ciclo pero combinarase a formación intelectual co desenvolvemento duns contidos actitudinais e de valores co obxectivo de que o alumnado tome conciencia e poña en práctica valores como a responsabilidade, cidadanía democrática, solidariedade, tolerancia, igualdade, respecto, xustiza, evitar situacións de discriminación e resolver problemas de forma pacífica.. Neste senso, é posible distinguir:

Educación para a igualdade: Estará sempre presente, fomentando que en ningún momento se fará diferenza entre o alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

Educación ambiental: Resulta fundamental mentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

Educación para a paz: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de exames, etc.

Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático,...)

Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo, as súas gastronomías e culturas; entendendo isto como un enriquecemento.

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará a educación en valores abordando todas aquelas cuestións imprescindibles para formar cidadáns capaces de asumir novos retos e comprometerse activamente xogando un papel determinante na construción dun mundo máis xusto, inclusivo, equitativo e intercultural. Así, a través da programación en valores tratarase de potenciar o respecto cara aos demais, a inclusión e as ideas democráticas e solidarias. No afianzamento da programación en valores xogarán un papel determinante aquelas cuestións formuladas nos foros.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visita a algún establecemento de aloxamento turístico durante o primer trimestre, desta maneira o alumnado poderá conocer insito as características dunha empresa do sector

Visita a feira FITUR, que ten lugar en Madrid a derradeira semana de Xaneiro.

Contémplese a posibilidade de asistir a algún evento celebrado en Galicia (forum fairway e gastronómico)

Realización de charla por parte de algún especialista do sector

